



PINFUVOTE


PRESENTACIÓN E REGLAS

QUE É O PINFUVOTE?

Xogo alternativo nun campo dividido por unha rede que fusiona regras do **PINg-pong**, **FÚtbol**, **VOlei** e **TEnis**.

OBXECTIVO

Enviar o balón ao campo contrario para que este toque dúas veces consecutivas o chan ou o equipo contrario non poida devolve-lo.




CAMPO DE XOGO

Terreo con superficie lisa.

As dimensións son variables dependendo do número de xogadores/as.

- Pistas de Volei 18x9 m (equipos de 4, 5 ou 6 xogadores/as).
- Pistas de Baloncesto 28x15 m (equipos de 7, 8, 9 e 10).
- Pistas Polideportivas de 40x 20 m (equipos de 11 ata 20).

A cancha está dividida á metade por unha rede a altura de 1,07 m.



EQUIPOS E MATERIAL



- Equipos mixtos de 3 a 20 xogadores/as dependendo das características do terreo de xogo ou torneo.
- Balón brando de gomaespuma de aprox. 60-70 cm que permita o bote sen dificultades.

MODO DE XOGO

- Xógase ao mellor de 5 sets: Un set remata cando un equipo consegue 25 puntos, sempre cunha diferenza de dous puntos. O último e quinto set será a 15 puntos.
- Existen cambios ilimitados entre xogadores/as do banquiño.
- Hai liberdade de movemento nas diferentes "zonas" do terreo, sen poder invadir a zona contigua do propio equipo.



REGRAS BÁSICAS I

- O balón pode ser golpeado con calquera parte do corpo.
- **Máximo** de 3 toques e 3 botes (un entre cada golpe) por equipo.
- Despois de 3 puntos consecutivos dun equipo, **cambio de sacador/a e de zona** en ambos equipos.
- Xogada **TRIPIN** (3 PUNTOS): Consiste en gañar a xogada **golpeando** o balón e xogadores/as con 3 partes distintas (exemplo: mans, pés e cabeza).




TRIPIN




REGRAS BÁSICAS II

- O saque realízase dende un círculo central cos dous pés dentro e sen saltar.
- No saque o balón pode ser lanzado ou golpeado con calquera parte do corpo, con ou sen bote previo.
- Se o balón toca a rede durante o saque e pasa ao lado contrario, poderá realizarse un segundo saque (media).
- Se o balón toca na liña do campo será punto válido.



PROHIBICIONES

- **Coller ou reter o balón.**
- **Golpear o balón dúas veces seguidas.**
- **Bloquear o saque contrario.**
- **Invadir o campo contrario por enriba da rede ou tocar a rede con calquera parte do corpo.**
- **Cambiarse dunha "zona" a outra antes de que remate o set ou se consigan 3 puntos consecutivos.**



PUNTUACIÓN

O noso equipo conseguirá puntos cando:

- O balón bota no campo do equipo contrario dúas veces seguidas.
- O balón do equipo contrario non rebasa a altura da rede.
- O balón é lanzado fóra do campo polo equipo contrario.
- Un/ha xogador/a golpea dúas veces seguidas o balón.
- O equipo contrario toca o balón máis de tres golpes.



SERÁN FALTAS TÉCNICAS

- Insultar a un/ha compañeiro/a do equipo.
- Insultar a un/ha xogador/a do equipo contrario.
- Insultar ou facer burla ao/a árbitro/a.
- Realizar calquera acto antideportivo sobre o balón.
- Cometer calquera xesto ou insulto sobre o público.



